

**BASES DA CONVOCATORIA  
PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL  
DUN/HA EXPERTO/A EN AUDIOVISUAIS**

Mediante solicitude co código 51017 de data 11.01.2024, a Axencia Galega das Industrias Culturais solicitou a cobertura temporal para a provisión dun/ha Experto/a en audiovisuais, grupo III, categoría 36; código de posto ED.A19.40.801.15001.018, consonte ao sistema de listas actualmente vixente para estes efectos.

Con data 26.02.2024, a Dirección Xeral da Función Pública comunicou que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

En consecuencia, logo de ser aprobadas polo tribunal nomeado ao efecto de conformidade co establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, esta axencia, no exercicio das competencias atribuídas polo Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, acórdase, publicar as seguintes BASES para a selección dunha persoa “Experto/a en audiovisuais” mediante relación laboral temporal, en réxime de interinidade:

**1. Normas xerais.**

- 1.1. Convócase o proceso selectivo para a contratación, de persoal laboral para a cobertura do posto **Experto/a en audiovisuais, grupo III, categoría 36, código ED.A19.40.801.15001.018**, dependente da Agadic., ao abeiro do artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Segundo o establecido na Resolución do 7 de xullo do 2023, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de xullo do 2023, polo que se aproba a modificación da Relación de Postos de Traballo da Axencia Galega das Industrias Culturais publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 142 do 27 de xullo do 2023, esta praza ten a seguinte formación específica, establecida como mérito: código 636, experiencia en patrimonio audiovisual e cinematográfico e filmotecas.



As retribucións serán as establecidas nos artigo 25 e 26 do mencionado V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, de acordo coas correspondentes actualizacións determinadas pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.2. O procedemento de selección será o de concurso de méritos, para o que se aplicará, de conformidade co artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia, o baremo que nel figura como anexo III, e que, así mesmo, se acompaña como anexo I da presente convocatoria.
- 1.3. A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

## **2. Requisitos dos aspirantes.**

2.1. Para seren admitidos no proceso de selección as persoas aspirantes deberán posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral temporal, os seguintes requisitos:

### 2.1.1. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- d) A persoa cónxuxe das persoas con nacionalidade española e das persoas nacionais doutros estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que non estean separados en dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar as persoas descendentes menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- e) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

2.1.2. Idade: ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade



máxima de xubilación forzosa.

2.1.3. Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.1.4. Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado, nin pertencer ao mesmo corpo, escala ou especialidade a cuxas probas selectivas se presenten.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2.1.5. Posuír titulación académica de nivel de bacharelato, FP 2º grao ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou validación, de ser o caso.

2.1.6. Posuír o título do Celga4 ou equivalente.

### **3. Presentación de aspirantes.**

3.1. De conformidade co establecido no artigo 7.5.b.1.2 do V Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Xunta de Galicia, ademais das posibles persoas candidatas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego, ao que se cursará oferta xenérica do posto obxecto desta convocatoria, todas aquelas que desexaren tomar parte no presente proceso selectivo, deberán dirixirse á esta axencia mediante solicitude, acompañando copia do **DNI** (ou calquera outro documento de identidade válido), , xunto coa **copia cotexada da documentación acreditativa** de cumprir os requisitos



esixidos nas bases, así como dos méritos alegados para seren valorados segundo o baremo da base 1.2 que se reflicte no anexo I desta convocatoria.

As persoas participantes nesta convocatoria poderán presentar as solicitudes en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta.

- 3.2. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Estas bases, así como os anexos que as acompañan, estarán dispoñibles na páxina web da Agadic (<https://industriasculturais.xunta.gal>), e no taboleiro desta axencia.

O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases na páxina web da axencia e no seu taboleiro de anuncios.

#### 4. **Tribunal cualificador.**

- 4.1. O tribunal cualificador deste proceso foi nomeado (conforme o previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único) pola Dirección da Agadic, en virtude da Resolución do 27 de febreiro 2024, que se acompaña como anexo II da presente convocatoria.

- 4.2. O tribunal, de consideralo oportuno, se é o caso, poderá requirir o asesoramento de profesionais ou persoas que consideren adecuadas. Das designacións das persoas asesoras que, de ser o caso, se efectúen deberáselle dar coñecemento ao órgano convocante.

- 4.3. De acordo co apartado 4 do artigo 11 do citado V Convenio Colectivo Único, as persoas que conforman o tribunal deberanse abster de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, e poderán ser recusados de acordo co artigo 29 da mencionada lei.



4.4. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade máis un dos membros. As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.

## 5. Cualificación dos aspirantes.

5.1. O tribunal, tras a valoración das solicitudes das persoas candidatas, en base aos méritos por elas alegadas, conforme ao baremo establecido nestas bases, fará pública a lista provisional de persoas aspirantes seleccionadas, por orde de prelación segundo a puntuación obtida. Esta lista publicarase na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais e no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

5.2. Poderase formular alegacións contra a dita lista provisional, nun prazo de tres días hábiles, por razón da urxencia na cobertura do posto, a computar a partir do seguinte ao da súa publicación.

As alegacións poderán presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común.

5.3. Transcorrido o dito prazo o tribunal publicará, polos mesmos medios, a lista definitiva de aspirantes ao posto de traballo, entendéndose desestimadas o resto das alegacións formuladas.

5.4. A persoa aspirante que sexa seleccionada deberá presentar no prazo de tres días, desde que se faga pública a dita lista, a documentación requirida para a formalización do correspondente contrato de traballo así como das altas tanto en nómina como na seguridade social.

5.5. Se a persoa seleccionada non presentase toda a documentación requirida no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación, resultará automaticamente seleccionada a seguinte persoa aspirante segundo a orde de prelación da lista, quen deberá presentar, no prazo requirido a documentación oportuna para formalizar esta contratación.

Procederase desta forma, en caso de falta de documentación en prazo ou renuncia, ata que unha persoa candidata presente validamente a documentación requirida.



## 6. Derradeira

6.1. As bases desta convocatoria e cantos actos se deriven dela e da actuación do tribunal, co carácter de definitivos ou que sendo de trámite decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos pola Lei 40/2015 do 1 de Réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,

A presidenta do tribunal de selección

María Dolores Meijomín Rodríguez

